

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE PONTEVEDRA**

ANUNCIO de convocatoria para prover varias prazas pola quenda libre (OEP 2017).

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra (BOP) número 10, do 15 de xaneiro de 2019, publicáronse as bases xerais e específicas que rexen a convocatoria para o acceso a diversas prazas vacantes no Concello de Pontevedra incluídas na OEP do ano 2017.

O concelleiro responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio convocou, mediante Resolución do 20 de decembro de 2018, os procesos selectivos para a cobertura, pola quenda libre, de diversas prazas vacantes no Concello de Pontevedra incluídas na oferta de emprego público do ano 2017, que a seguir se sinalan:

– Grupo segundo o artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público: C. Subgrupo C1. Clasificación: escala de Administración xeral, subescala administrativa. Número de vacantes: 3. Denominación: administrativo/a.

– Grupo segundo o artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público: C. Subgrupo C2. Clasificación: escala de Administración xeral, subescala auxiliar. Número de vacantes: 1. Denominación: auxiliar.

– Grupo segundo o artigo 76 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público: Agrupación profesional. Clasificación: escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal oficios. Número de vacantes: 8. Denominación: operario/a.

O prazo de presentación de instancias será de vinte días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no *Boletín oficial del Estado* e os sucesivos anuncios publicaranse no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra e no taboleiro de editos da Corporación nos termos establecidos nas bases.

Pontevedra, 15 de xaneiro de 2019

O alcalde

P.D. (Acordo da Xunta Goberno Local do 21.4.2017)

Vicente Legísima García

Concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal

